

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGACAL E A FUNDACIÓN JUAN DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO TITULADO "CARACTERIZACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E TRANSFERENCIA DA BIODIVERSIDADE XENÉTICA VEXETAL DE INTERESE AGRARIO DE GALICIA"

**Proba Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de MILLO FORRAXEIRO / MILLO GRAO para o CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO**

**POSTO 2**

DNI\_\_\_\_\_

**Lea atentamente todas as preguntas e marque cun "X" a opción correcta**

**Cuestión 1.** O exame de identificación dunha variedade, logo da súa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, é un exame para o estudo da distinción, estabilidade e homoxeneidade da variedade.

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 2.** Sementes recalcitrantes e sementes ortodoxas son denominacións sinónimas.

<input type="checkbox"/> V	<input checked="" type="checkbox"/> F
----------------------------	---------------------------------------

**Cuestión 3.** A pranta de millo é unha pranta monoica e alógama.

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 4.** Segundo a Norma 4.1.5 das Normas para Bancos de xermoplasma da FAO, o número mínimo de plantas das cales se debe recoller a semente para a súa incorporación á colección dun banco de xermoplasma será de entre 30 e 60.

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------



**Cuestión 5.** Un material higroscópico moi utilizado na conservación de sementes nos bancos de sementes é o silica-xel, do cal existen varios tipos. Unha vez saturado, pódese rexenerar por unha única vez someténdoo a unha temperatura de entre 120°-180°C para que desprenda a humidade absorbida.

V	F
---	---

**Cuestión 6.** Os sistemas de información xeográfica son utilizados para a representación espacial das mostras dunha colección cando existen datos de xeolocalización. O software libre gvSIG emprégase para este propósito.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 7.** Na representación de datos utilizando sistemas de información xeográfica é indispensable considerar o *datum* da zona xeográfica representada. O sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) é o sistema de referencia oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 8.** Entre os descritores necesarios nunha caracterización primaria de *Zea Mays L.* se atopan os días á floración masculina e a lonxitude da mazorca.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 9.** O artigo 44 da Lei 30/2006, de 26 de xullo, de sementes e prantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, define "recurso fitoxenético" como "calquera material xenético, de orixe vexetal, con valor real ou potencial para a agricultura e a alimentación".

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 10.** Pódese afirmar que canto máis largo é o ciclo dunha variedade de millo, máis tarda en madurar a pranta do millo.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---



**Cuestión 11.** As mostras orixinais de material xenético colleitado achegadas ao Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos (CRF) teñen que ir identificadas obrigatoriamente cos datos de xeolocalización compatibles coas bases de datos publicadas e compartidas. Trátase dun código numérico de cinco díxitos.

V	<del>F</del>
---	--------------

**Cuestión 12.** As sinaturas indispensables para un MTA (acordo de transferencia de material) son as da representación legal de cada entidade.

<del>V</del>	F
--------------	---

**Cuestión 13.** Unha Colección Base de sementes se compón das accesións que están dispoñibles para a súa distribución inmediata aos agricultores.

V	<del>F</del>
---	--------------

**Cuestión 14.** Os marcadores son utilizados amplamente para o estudo de poboacións. A caracterización mediante isoenzimas é un método relativamente barato que se realiza mediante o proceso denominado "electroforese".

<del>V</del>	F
--------------	---

**Cuestión 15.** O ciclo do millo depende da integral térmica, definida como o número total de días acumulados con unha diferenza térmica inferior aos 10° C entre as temperaturas máxima e mínima diarias, ocorridos desde o día da sementeira ata o día da colleita.

V	<del>F</del>
---	--------------

**Cuestión 16.** Durante unha recolección de xermoplasma é necesario obter todos os datos de pasaporte, que se publican unha vez enviadas as mostras ao Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos (CRF). O campo NUMREC é o número orixinal asignado pola persoa ou entidade colleitadora.

<del>V</del>	F
--------------	---

**Cuestión 17.** O concepto de erosión xenética se identifica coa perda da diversidade xenética entre e dentro de variedades e poboacións da mesma especie.

<del>V</del>	F
--------------	---



**Cuestión 18.** De acordo co Regulamento Técnico de Control e Certificación de Sementes de Millo considérase "Top-cross" a semente certificada procedente da primeira xeración dun cruzamento entre dúas liñas puras de millo.

V	<input checked="" type="checkbox"/>
---	-------------------------------------

**Cuestión 19.** O organismo encargado de levar a cabo os ensaios de identificación das variedades de millo, segundo o Regulamento xeral do Rexistro de variedades comerciais, é o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 20.** Segundo o Tratado Internacional sobre os Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura (FAO, 2009), a definición do termo "Centro de Orixe" enténdese como a zona xeográfica onde unha especie vexetal, domesticada ou silvestre, adquiriu por primeira vez as súas propiedades distintivas.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 21.** O Protocolo de Nagoya acordado en 2010 ten como obxectivo a participación xusta e equitativa nos beneficios que se deriven da utilización dos recursos xenéticos.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 22.** Segundo o Real decreto 170/2011, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, para inscribir unha variedade no Rexistro de Variedades Comerciais NON é necesario realizar os ensaios de valor agronómico cando se trate de variedades de conservación.

<input checked="" type="checkbox"/>	F
-------------------------------------	---

**Cuestión 23.** O artigo 44.d) da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, define a conservación *ex situ* como a conservación de material xenético fóra de laboratorio nos seus ecosistemas e hábitats naturais.

V	<input checked="" type="checkbox"/>
---	-------------------------------------



**Cuestión 24.** Segundo o artigo 5 da Lei 3/2000, de réxime xurídico da protección de variedades, concederáselle o título de obtención vexetal cando a variedade sexa nova, homoxénea e estable.

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 25.** A Lei 3/2000, de réxime xurídico da protección de variedades, indica no seu artigo 18 que o dereito do obtentor non ten caducidade.

<input type="checkbox"/> V	<input checked="" type="checkbox"/> F
----------------------------	---------------------------------------

**Cuestión 26.** Para realizar a caracterización dunha variedade de millo, podemos atopar descritores útiles nas publicacións da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 27.** O Regulamento Técnico de Control e Certificación de Sementes de Millo define *liña pura* como unha liña suficientemente homoxénea e estable obtida como resultado de varias xeracións autofecundadas con adecuada selección

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 28.** Segundo o Regulamento Técnico de Control e Certificación de Sementes de Millo, as parcelas de multiplicación de liñas puras de millo por fecundación a man deben estar situadas a unha distancia superior aos 500 metros de calquera outro campo de millo.

<input type="checkbox"/> V	<input checked="" type="checkbox"/> F
----------------------------	---------------------------------------

**Cuestión 29.** As categorías de sementes segundo o Regulamento Técnico de Control e Certificación de Sementes de Millo son o material parental, a semente de base e a semente certificada.

<input checked="" type="checkbox"/> V	<input type="checkbox"/> F
---------------------------------------	----------------------------

**Cuestión 30.** O artigo 16 do Real decreto 199/2017, do 3 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Programa Nacional de Conservación e Utilización Sustentable dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación, establece que o inventario nacional de recursos fitoxenéticos está constituído por todas as accesións custodiadas nos bancos de xermoplasma do territorio español.

<input type="checkbox"/> V	<input checked="" type="checkbox"/> F
----------------------------	---------------------------------------



**Cuestión 31.** A especie *Secale cereale* L. está incluída no ámbito de aplicación do Regulamento Técnico de Control e Certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, de 27 de decembro, do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino.

<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
-------------------------------------	--------------------------

**Cuestión 32.** A incorporación á Rede de coleccións do Programa Nacional, regulada polo Real decreto 199/2017, do 3 de marzo, implica a obriga de entregar no Centro de Recursos Fitoxenéticos (CRF) un duplicado de seguridade de todas as accesións que se multipliquen vexetativamente, para proceder á súa conservación.

<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
--------------------------	-------------------------------------

## RESERVAS

**Cuestión 1.** O artigo 3 do Real decreto 199/2017, do 3 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Programa Nacional de Conservación e Utilización Sustentable dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación, define colección base como aquela colección de xermoplasma composta por variedades locais ou autóctonas.

<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
--------------------------	-------------------------------------

**Cuestión 2.** O método de conservación de material xenético vexetal máis amplamente usado é a conservación *ex situ* mediante almacenamento de sementes.

<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
-------------------------------------	--------------------------

**Cuestión 3.** A Norma 4.3.4 das normas para bancos de xermoplasma de recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura, publicadas pola FAO, establece que o limiar de viabilidade das sementes para a rexeneración ou outras decisións de xestión, tales como unha nova recolección, deberá ser do 85 por cento da viabilidade inicial ou unha porcentaxe menor dependendo da especie ou as accesións específicas.

<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
-------------------------------------	--------------------------